

**SOLICITUDE DE AER PARA A COMPARECENCIA DO ALCALDE, DO CONCELLEIRO DE INFRAESTRUTURAS, URBANISMO E INTERIOR, DO CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE E CONCELLEIRA DE FACENDA EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN URBANÍSTICA DE CANABAL-VILAVELLA**

PLENO 28 NOVIEMBRE 2013. ACTA 20/2013

COMPARECENCIA DO ALCALDE

Polo voceiro de AER solicítase a comparecencia do Alcalde nos seguintes termos:

“O venres 15 de novembro fomos convocados a un pleno extraordinario que se celebrou o mércores 20 ás dúas da tarde. Un punto da orde do día era a aprobación inicial dunha modificación urbanística, na que un solo rústico común pasaría a ser urbanizable.

Xusto antes do pleno o alcalde decidiu retirar este punto da orde do día, e negóuselle a palabra ao voceiro de AER cando pediu explicacións públicas por esta retirada, anunciando o alcalde que pasarían a unha xunta de voceiros. Polo tanto, solicitamos a comparecencia do alcalde no vindeiro pleno ordinario para que dea as explicacións de xeito público e claro de por que levou esta modificación de xeito urxente a un pleno e por que despois decidiu retirar a proposta.”

**O alcalde sinala que pensaban que tiñan máis apoios incluso entre os comerciantes. Optaron porque se debatera con máis información despois de aclarar unha serie de cousas.**

**O concelleiro BLANCO PÉREZ di que se precipitaron e logo descubriron que nin o PSOE nin os comerciantes estaban de acordo.**

**O alcalde sinala que neste pleno están a dar explicacións sobre o tema. Indica que ao mellor non estaba a cuestión tan atada cos comerciantes como pensaban, por iso o retiraron do pleno, xa que tampouco tiñan os apoios políticos necesarios para aprobalo.**

## COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DE INFRAESTRUTURAS, URBANISMO E INTERIOR

“Esta modificación urbanística en parte xustificábase na necesidade de novo solo edificable de carácter residencial, a necesidade dunha nova dotación para emerxencias e mesmo pola construción dunha estación de autobuses. Polo tanto, solicitamos a comparecencia do concelleiro de Urbanismo, Infraestruturas, Patrimonio e Interior no vindeiro pleno ordinario para que dea as explicacións oportunas acerca dos plans do Concello para construír unha nova edificación para emerxencias e da situación actual de dotacións e persoal de emerxencias en Redondela; así como as posibles novas contratacións en emerxencias ao amparo desta nova dotación, acerca dos plans, do financiamento e do estudo de transporte público que ampara e xustifica a construción dunha estación de autobuses no casco urbano de Redondela, acerca das infraestruturas que o equipo de goberno considera necesarias e non ten onde situalas, da posible desaparición da liña ferroviaria a Ourense e por último acerca da situación e dos prazos na elaboración do novo PXOM para Redondela.”

**O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO di que na modificación puntual se estaba a falar dunha aprobación inicial do proxecto e lle quedaba un longo recorrido no que habería que respostar ás cuestións que sinala o voceiro de AER. Sinala que estaba perfectamente definida a actuación e non pode saber cousas como quen vai a montar o hotel, aínda que hai interesados. En canto á estación de autobuses indica que é necesaria e a situación axeitada, tal e como dixeron os operadores e a propia Xunta de Galicia. Di que a este respecto tampouco queren un mausoleo que non se poida soste. Desexaban tamén ter unhas mellores instalacións para as emerxencias aínda que polo de agora non poden incrementar o persoal, e no sótano dese edificio podería ir o depósito de vehículos que agora están ao aire libre e poderían tamén mellorar as dependencias do departamento de vías e obras. Sinala que a estación de autobuses a construíría o Concello, pedindo todas as subvencións posibles. En canto a Eroski, que está a pasar dificultades, opera en Galicia con Vegalsa, que ten liñas de negocio propias. Sinala que moitos operadores similares solicitaron información para ver onde instalarse e que no aspecto residencial optouse pola opción máis viable de acordo coa tipoloxía que ten máis demanda agora que son as vivendas unifamiliares non sendo con todo o aspecto máis importante da actuación. Recoñece o erro de que o falado no seu intre cos comerciantes non estaba ben establecido. Refírese a unha superficie comercial en Mos, na que aproximadamente o 30% de compradores son de Redondela. Pensa que debe darse resposta ás necesidades.**

**O concelleiro BLANCO PÉREZ di que na primeira comisión non se manifestaron en contra porque tiñan que falar con todo o mundo e despois de facelo e ler os informes votaron en contra. Cuestiona o interese público de actuacións que ao xuízo do PP xustifican o interese xeral, como o hotel ou a estación de autobuses. Di que eles mesmos comprobaron que había moitos comerciantes en contra do proxecto. Sinala que Mos non ten un centro comercial aberto como Redondela. Repasa centros comerciais que comezaron con moito pulo e agora están a pasar situacións difíciles e en moitos casos afundiron ao pequeno comercio.**

**O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO di que o área comercial está accidentalmente en Mos pero en realidade está en Porriño, que sí ten pequeno e mediano comercio na rúa con bastante actividade. Di que se trataba de facer unha modificación dunhas normas que veñen dende o ano 88.**

COMPARECENCIA DO CONCELEIRO DE MEDIO AMBIENTE S/ MODIFICACION PUNTUAL SOLICITADA POR AER

“A modificación urbanística tamén se xustificaba na necesidade de novas zonas verdes para dotar ao casco urbano de Redondela. Por outra banda, tal como se indica na memoria de modificación puntual, a urbanización prevista precisará da rede de pluviais e fecais pero indícase que ambas irán á conexión coa rede municipal na rotonda de conexión. Polo tanto, solicitamos a comparecencia do concelleiro de Medio Ambiente no vindeiro pleno ordinario para que dea as explicacións oportunas acerca da capacidade do actual sistema de saneamento de Redondela, acerca da afirmación da memoria de modificación de que *“En el ayuntamiento de Redondela no existe red separativa de aguas residuales y pluviales”* e acerca da necesidade de zonas verdes artificiais no casco urbano de Redondela, así como os criterios e planificación para o seu establecemento nos vindeiros anos.”

**O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que o sistema de saneamento é suficiente e ogallá quedara pequeno porque querería dicir que Redondela medra. Habería zonas verdes privadas e públicas.**

**O concelleiro BLANCO PÉREZ di que non cree que o saneamento sexa suficiente a xulgar por cómo está a zona cando hai grandes chuvias e ao existir edificacións o problema se agravaría. O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que non vai a haber máis ou menos auga porque se desenrole a zona.**

COMPARECENCIA DA CONCELEIRA DE FACENDA SOBRE A MODIFICACION PUNTUAL SOLICITADA POR AER

“Tamén xustifican esta modificación na necesidade de dotar a Redondela dunha grande área comercial como xerador de postos de traballo. Polo tanto, solicitamos a comparecencia da concelleira de Facenda e Desenvolvemento Local no vindeiro pleno ordinario para que dea as explicacións oportunas acerca da intención do goberno local de facilitar a construción dunha grande área comercial no casco urbano de Redondela así como os plans do goberno local para a promoción e dinamización do pequeno comercio e hostalería local e as medidas para evitar a destrución de postos de traballo no concello de Redondela.”

**A concelleira ALONSO ALONSO di que é un tema complexo que require o consenso de todos e non queren tomar ningunha medida que prexudique ao comercio local. Levan tomadas moitas medidas para a reactivación das actividades locais e dinamización do comercio. Considera que o emprego non se crea por decreto e que en sitios como Pontevedra funciona o centro comercial aberto pero hai que por as bases necesarias para que funcione. Expón unha serie de iniciativas que poderían por en marcha neste sentido.**